

7. Criterios de adjudicación:

- Prezo: ata 40 puntos.
- Calidade dos materiais: ata 30 puntos.
- Servicio técnico: ata 10 puntos.
- Melloras adicionais: ata 20 puntos.

8. Presentación de ofertas:

a) Documentación que hai que presentar: a referida nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

b) Lugar de presentación: rexistro xeral do Hospital Comarcal de Valdeorras.

c) Data límite de recepción de ofertas: antes das 14.00 horas do décimo quinto día natural contado a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Tamén se poderán presentar por correo, dirixidas ao órgano de contratación, debendo xustificar o licitador a data de imposición do envío na oficina de correos e comunicar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex ou telegrama no mesmo día.

9. Apertura das ofertas: será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público, na sala de xuntas do Hospital Comarcal de Valdeorras, ás 11.00 horas do décimo primeiro día natural contado a partir do seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de ofertas. No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura de proposicións terá lugar o día hábil seguinte.

10. Gastos de publicidade: os anuncios serán por conta do adjudicatario do contrato.

11. Consulta dos pregos: <http://www.sergas.es>.

O Barco de Valdeorras, 24 de abril de 2008.

Roberto Rodríguez Alonso
Director xerente do Hospital Comarcal de Valdeorras

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 23 de abril de 2008 pola que se anuncia o concurso público 2/2008, polo procedemento aberto, para a contratación dos expedientes que se citan.

Mantementos:

Expediente 2008/2005 (4 lotes).

Obxecto: mantemento das instalacións de seguridade contra incendios e intrusión dos edificios da Universidade da Coruña.

Lote 1: instalacións Campus de Elviña.

Lote 2: instalacións Campus da Zapateira.

Lote 3: instalacións Campus de Oza, Riazor e Bastiagueiro.

Lote 4: instalacións Campus de Ferrol.

Importe da licitación:

Lote 1: 18.100 euros/ano.

Lote 2: 3.950 euros/ano.

Lote 3: 7.800 euros/ano.

Lote 4: 9.890 euros/ano.

Centro e localidade: Universidade da Coruña (Campus da Coruña e de Ferrol).

Garantía provisoria: non se exige.

Clasificación: non se exige.

Obras:

Expediente 2008/3003.

Obxecto: ampliación do edificio CITEEC.

Centro e localidade: Universidade da Coruña.

Importe da licitación: 5.000.000 €.

Garantía provisoria: non se exige.

Clasificación: grupo C: subgrupos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9.

Grupo I: subgrupos 8, 9.

Grupo J: subgrupos 1, 4, 5.

Servizos:

Expediente 2008/4005.

Obxecto: servizo de cafetaría - comedor.

Centro e localidade: Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (Campus da Zapateira).

Canon: 15.000 euros/ano.

Garantía provisoria: no se exige.

Clasificación: non se exige.

1. Entidade adjudicadora:

a) Organismo: Universidade da Coruña.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica.

c) Número de expediente: o que se indica para cada expediente.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: o que se indica para cada expediente.

b) División por lotes e número: a que se indica para cada expediente.

c) Lugar de entrega/execución: o especificado en cada expediente.

d) Prazo de entrega/execución (meses): o que se indica para cada expediente.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: urxente: expediente 2008/3003.

Ordinaria: expedientes 2008/2005, 2008/4005.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

4. Orzamento de licitación:

a) Importe total: o que se indica para cada expediente.

b) Prima: a que se indica para cada expediente.

c) Canon: o que se indica para cada expediente.

5. Garantías:

a) Provisional: a que se indica para cada expediente.

b) Definitiva: a que se indica para cada expediente.

6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: Universidade da Coruña, Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica.

b) Enderezo: rúa Maestranza, 9.

c) Localidade e código postal: A Coruña, 15001.

d) Enderezo web:

<http://www.udc.es/xerencia/ga/patrinventario/default.asp>

e) Teléfono: 981 16 70 00.

f) Fax: 981 16 70 12.

g) Data límite de obtención de documentos e información: o día anterior ao da finalización do prazo de presentación de ofertas.

7. Presentación das ofertas:

a) Data límite de presentación:

-Expediente: 2008/3003 o décimo terceiro día natural que conta a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución reitoral no *Diario Oficial de Galicia*.

-Expedientes: 2008/2005 e 2008/4005 o décimo quinto día natural que conta a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución reitoral no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que hai que presentar: a indicada nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1. Entidade: Universidade da Coruña. Reitoría. Rexistro xeral.

2. Enderezo: rúa Maestranza, 9.

3. Localidade e código postal: 15001, A Coruña.

d) Prazo durante o que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: 3 meses.

e) Admisión de variantes: admítense ata tres variantes.

8. Apertura das ofertas:

a) Entidade: Universidade da Coruña.

b) Enderezo: rúa Maestranza, 9.

c) Localidade: A Coruña.

d) Data: o terceiro día hábil seguinte ao do remate do prazo de presentación das propostas.

e) Hora: 12.00 horas.

9. Gastos de anuncios: serán por conta dos adxudicatarios a rateo.

A Coruña, 23 de abril de 2008.

P.D. (Resolución do 3-2-2004)

Manuel Galdo Pérez

Xerente da Universidade da Coruña

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 23 de abril de 2008 pola que se anuncia a contratación do expediente 412/2008 e dous máis, por concurso público, procedemento aberto e trámite ordinario.

Obras:

Expediente: 412/2008.

Obxecto: protección solar no 1º e 2º andar da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (fase 2).

Localidade: Santiago de Compostela.

Provincia: A Coruña.

Importe de licitación: 193.631,47 euros, IVE incluído.

Garantía provisional: 3.872,63 euros.

Prazo de execución: tres meses.

Clasificación: grupo C, subgrupo 9, categoría d.

Subministracións:

Expediente: 027/2008.

Obxecto: subministración e instalación de 85 equipos informáticos.

Localidade: Santiago de Compostela.

Provincia: A Coruña.

Importe de licitación: 85.000 euros, IVE incluído.

Garantía provisional: 1.700 euros.

Prazo de entrega: 15 días naturais.

Asistencia e servizos:

Expediente: 615/2008.

Anuncio do 16 de abril de 2008, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, polo que se fai pública a Decisión do 15 de abril de 2008 de non someter a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Cañiza, para a inclusión da edificación Casa Escribana de Torgo no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

En cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei 9/2006, do 28 de abril, de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, faise pública a decisión de non someter a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Cañiza, para a inclusión da edificación Casa Escribana de Torgo no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, ao procedemento establecido no seu artigo 7.

Esta decisión pódese consultar na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no seguinte enderezo da internet: <http://aae.medioambiente.xunta.es/>

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2008.

Emilio M. Fernández Suárez
Director xeral de Desenvolvemento Sostible

PORTOS DE GALICIA

Cédula do 5 de maio de 2008 pola que se ordena a retirada da embarcación Marfa, depositada na zona de servizo do porto de Meira.

Con data do 15 de abril de 2008 ten entrada nas dependencias dos Servizos Centrais de Portos de Galicia procedente da Xefatura da Zona Sur a acta de inspección que efectúa o celador gardapeiraos responsable do porto de Meira, xunto coa proposta de publicación no DOG, relativa á situación da embarcación Marfa con folio 7º MA-5-22-03 que se atopa depositada sen autorización e en estado de abandono no porto de Meira, provincia de Pontevedra, e da que segundo os datos que facilita a Mariña Mercante é propietario Francisco Javier Besada Quintana, con DNI: 36045181-H.

Resultando infrutuosos os intentos de notificación a través do servizo de correos efectuados pola Xefatura da Zona Sur de Portos de Galicia, por medio desta cédula requírese a Francisco Javier Besada Quintana con DNI: 36045181-H e último enderezo coñecido en avda. de Vigo, 65-2º E, 36001 Pontevedra, para que nun prazo máximo de dez (10) días contados desde a publicación desta cédula no DOG e da súa exposición no taboleiro de edictos do Con-

cello de Pontevedra, proceda a retirar a embarcación da zona de servizo do porto de Meira.

De incumprirse esta orde, Portos de Galicia, sen necesidade de trámite ulterior ningún, procederá a liquidarlle a tarifa X-5 da Lei 6/2003, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia conforme o establecido na súa regra 10ª de aplicación, que establece que o atraso en cumprir calquera das ordes ditadas pola autoridade portuaria competente relativa a atracadas, amarres, ancoraxes (...) dará lugar á aplicación dunha tarifa cun importe de dúas veces a tarifa diaria que lle correspondería aboar á embarcación, conforme as contías da regra 6ª, polo número de horas ou fracción de demora.

Sen prexuízo do anterior, Portos de Galicia procederá tamén a incoar procedemento administrativo sancionador en que como medida provisional se decretará a retirada e traslado da embarcación a depósito de Portos de Galicia, retirada e traslado que, de ser o caso, se executará de maneira forzosa e á costa do propietario, sen que Portos de Galicia asuma responsabilidades polos danos ou deméritos que poida sufrir a embarcación durante a realización das ditas operacións.

E para que conste e sirva de notificación, en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2008.

José Ignacio Villar García
Director de Portos de Galicia

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Corrección de erros.-Resolución do 11 de abril de 2008 pola que se anuncia o concurso público 1/2008, polo procedemento aberto, para os expedientes que se citan.

Advertido un erro no texto da resolución anteriormente citada, publicada nas páxinas 7.010 e 7.011 do DOG nº 76, do día 21 de abril de 2008, cómpre efectuar a seguinte corrección:

No expediente nº 2008/3002, onde di: «Clasificación: grupo C) Edificacións, subgrupos 1 a 9», debe dicir: «Clasificación: grupo C), subgrupos 1 a 9, categoría d)».

Corrección de erros.-Resolución do 23 de abril de 2008 pola que se anuncia o concurso público 2/2008, polo procedemento aberto, para os expedientes que se citan.

Advertido un erro no texto da resolución anteriormente citada publicada nas páxinas 7.648 e 7.649

do DOG nº 82, do día 29 de abril de 2008, procédese a efectuar a seguinte corrección:

No expediente nº 2008/3003, onde di: «Clasificación: grupo C: subgrupos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9. Grupo I: subgrupos 8, 9. Grupo J: subgrupos 1, 4, 5», debe dicir: «Clasificación: grupo C): subgrupos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9; categoría f».

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE BAIONA

Anuncio de desenvolvemento e implementación de servizos electrónicos.

Aprobado por decreto da Alcaldía o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o concurso para a adxudicación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de desenvolvemento e implementación de servizos electrónicos para a cidadanía sobre a plataforma de administración electrónica do concello, procédese á súa exposición ao público polo período de oito días para os efectos de presentación de reclamacións, e aprázase, se é o caso, a presentación das propostas segundo o disposto no artigo 122 do TRLRL.

1. Entidade adxudicadora: Concello de Baiona.

2. Obxecto do contrato: desenvolvemento e implementación de servizos electrónicos para a cidadanía sobre a plataforma de administración electrónica do concello

3. Tipo de licitación do proxecto: 52.800 €.

4. Tramitación: urxente.

5. Procedemento: aberto.

6. Forma: concurso.

7. Garantía provisional: 1.056 €.

8. Lugar e prazo de presentación de proposicións: as proposicións presentaranse no rexistro xeral do Concello de Baiona, durante o prazo de quince días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP e *Diario Oficial de Galicia* das 9.00 ás 13.00 horas.

9. Documentación que hai que presentar: véxanse as bases que rexen o concurso.

10. Apertura de plicas: terá lugar na casa do concello o sétimo día hábil seguinte ao da finalización do prazo de presentación das proposicións (no caso de coincidir en sábado trasladarase o seguinte día hábil posterior).

Baiona, 28 de abril de 2008.

Ángel Rodal Almuña
Alcalde accidental

Anuncio de ocupación do dominio público marítimo-terrestre do verán 2008.

Aprobado por decreto de Alcaldía o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o concurso para a adxudicación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, das autorizacións administrativas de ocupación do dominio público marítimo-terrestre dos servizos de tempada de verán 2008.

1. Entidade adxudicadora: Concello de Baiona.

2. Obxecto do concurso: autorizacións administrativas da ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

3. Tipo de licitación: un lote: 25.800 €.

4. Tramitación: ordinaria.

5. Procedemento: aberto.

6. Forma: concurso.

7. Garantía provisional: 516 €.

8. Lugar e prazo presentación de proposicións: as proposicións presentaranse no rexistro xeral do Concello de Baiona, durante o prazo de trece días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP, das 9.00 ás 13.00 horas.

9. Documentación que hai que presentar: véxase o prego de cláusulas administrativas (www.baiona.org).

10. Apertura de plicas: terá lugar na casa do concello o sétimo día hábil seguinte ao da finalización do prazo de presentación das proposicións (no caso de coincidir en sábado, trasladarase ao seguinte día hábil posterior).

Baiona, 6 de maio de 2008.

Jesús Vázquez Almuña
Alcalde

CONCELLO DE OÍMBRA

Anuncio de nomeamento de funcionario de carreira.

Resolución do 18 de marzo de 2008, do Concello de Oímbra (Ourense), pola que se fai público o nomeamento dunha funcionaria deste concello coa categoría de administrativa, da escala de Administración xeral, subgrupo C1, cun nivel 22 de complemento de destino.

Concluído o proceso selectivo e o nomeamento de funcionaria de carreira, da escala mencionada anteriormente, de Josefa Carballo González con DNI 34938890-G, procede facer público este nomeamento, en cumprimento do preceptuado no artigo 23 do Real decreto 2223/1984, do 19 de decembro.

Oímbra, 18 de marzo de 2008.

Alfonso Villarino Rodríguez
Alcalde